



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 928/1102

### **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23 DE DECEMBRO DE 2020.**

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2020.

#### ALCALDÍA

- 2.- Rectificación de erro na modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias. Expte. 601/1102.

#### BENESTAR SOCIAL

- 3.- Proposta de interposición de Recurso Contencioso Administrativo contra as liquidacións do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar correspondentes aos centros de Día Teis-Atalaia, Coia e Valadares (2º semestre 2020). Expte. Expte. 203494/301
- 4.- Indemnización substitutiva a favor de "Clece, S.A." pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar no período 01.11.30 – 31.11.2020. Expte. 211081/301.

#### CONTRATACIÓN

- 5.- Autorización do abono a conta da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión parcial da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deporte. Expte. 6507/241.

#### COMERCIO

- 6.- Proposta de autorización de cesión da concesión de dominio do BP03 mercado do Progreso. Expte. 7548/106.

#### EDUCACIÓN

- 7.- Nomeamento representantes municipais para o ano 2021 nos consellos escolares dos centros de ensino público de educación infantil, primaria e secundaria. Expte. 24723/332.

#### IGUALDADE

- 8.- Aprobación do Marco de Actuación do Programa de Axudas Económica de apoio para mulleres vítimas de violencia de xénero do ano 2021. Expte. 10564/224.

### NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 9.- Dar conta dos contratos menores tramitados no Servizo de Normalización Lingüística nos meses de outubro e novembro de 2020. Expte. 2850/334.

### PATRIMONIO HISTÓRICO

- 10.- Proposta de aprobación do VII Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana. Expte. 10122/307.

### RECURSOS HUMANOS

- 11.- Proposta de aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo para o ano 2020. Expte. 35213/220.

### SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 12.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Museos Municipais nos meses de setembro e outubro de 2020. Expte. 2902/341.

### SERVIZOS XERAIS

- 13.- Rectificación de erro en relación coa aprobación do proxecto “Mellora da rede de saneamento na rúa Jacinto Benavente” e custos asociados ao mesmo. Expte. 3403/440.

- 14.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **23 de decembro de 2020, ás 14,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación. Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,



## **Concello de Vigo**

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 928/1102

Abel Caballero Álvarez